



Concello de Portomarín

Bases de participación no “Servizo madruga 2022-2023”, enmarcado na medida municipal de conciliación “Portomarín Concilia”.

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ao subprograma “Servizo de Madrugaadores” dentro da medida municipal de conciliación “Portomarín-Concilia”. *Dito servizo se encontra subvencionado pola “Secretaría Xeral da Igualdade” da Consellería de Promoción do Emprego e a Igualdade e o Concello de Portomarín.*

O concello de Portomarín a través da súa posta en macha pon a disposición das familias un servizo dirixido aos alumnos/as que precisen asistir ao centro escolar antes do inicio da xornada lectiva; debido á incompatibilidade no horario laboral dos seus proxenitores ou titores legais co inicio da xornada lectiva.

O servizo de madrugadores deberá supoñer un complemento educativo para os nenos e nenas participantes; distanciado dun mero espazo de guarda e custodia. Por este motivo, programaranse actividades de carácter lúdico adecuadas as idades dos beneficiarios/as.

2.-METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar será a basada na metodoloxía TIDI (Talleres Infantís de Desarrollo Integral), na que se busca a educación integral do neno e nena grazas ao traballo das súas diferentes intelixencias a través de temáticas tales como: manualidades, gymkhanas, deportes, teatro, baile, música, medioambiente, educación emocional, títeres, etc.





Concello de Portomarín

Por tanto, dito servizo estará formado por actividades multidisciplinares da educación infantil e da educación primaria; a través das cales desenvolverán todas as súas competencias persoais de forma globalizada e divertida despertando o seu lado máis creativo mediante a experimentación, dinámicas grupais, actividades autónomas e xogos dirixidos.

Cabe sinalar, que esta metodoloxía se adaptará en todo momento ás necesidades e características socioeducativas dos nenos/as; permitindo así desenvolver actividades contextualizadas que favorezcan o seu desenvolvemento potencial.

3.- DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS

O servizo está dirixido ao alumnado de educación infantil e educación primaria matriculados/as no centro educativo pertencentes ao ámbito municipal do Concello de Portomarín – CEIP “Virxe da Luz”.

Os requisitos establecidos son os de **estar matriculado/a no centro docente e presentar a documentación esixida.**

4.-PRAZAS OFERTADAS

As prazas ofertadas quedarán condicionadas as disposicións aplicables que a administración autonómica e estatal dispoñan en relación coa apertura dos centros educativos e a distribución de espazos dentro dos mesmos, con motivo da incidencia do COVID-19. Para que se leve a cabo o servizo deberán de existir un número de solicitudes de 10 alumnos/as. O número máximo de prazas ofertadas é de 15.

As persoas usuarias do servizo “madrugadores” poden ser fixas ou ocasionais.





Concello de Portomarín

- a) Usuario/a fixo/a: aquel/a usuario/a que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, todos os días.
- b) Usuario/a ocasional: aquel/a usuario/a que se matricule en días puntuais da semana, sendo o uso ocasional.

Calquera cambio no horario ou día establecido, as familias deberán de solicitalo por escrito motivado presentado con antelación de 10 días naturais.

Asi mesmo, podese dar de baixa no momento que o estime oportuno. Para isto, terá que comunicarllo ao coordinador/a e solicitar por escrito a baixa nas oficinas municipais.

No caso de dispoñer de prazas libres, a matrícula fóra do prazo establecido de solicitudes estará permitida. Nese caso, o pai, nai ou titor do neno/a terá que solicitarlo nas oficinas municipais ó menos 48 h de antelación á necesidade do servizo. De non solicitalo coa antelación sinalada no parágrafo anterior poderá denegarse os servizo comunicándollo ao pai, nai ou titor do neno/a.

5.- HORARIO E CALENDARIO

O servizo seguirá o “calendario escolar 2022-2023”, durante os días lectivos. O horario estará comprendido fóra do horario lectivo entre as 07:30 ata a hora de entrada as aulas de luns a venres. Este poderá ser modificado en caso de necesidade das familias previa resolución de alcaldía e informe favorable acreditando a situación. A data de inicio quedará condicionada a autorización por parte da Consellería de Educación e a súa aprobación por parte do consello escolar do CEIP Virxe da Luz.





Concello de Portomarín

Cabe sinalar, que o calendario, horario, así como a tipoloxía de actividades poderá ser modificada en función das necesidades que se detecten ou polas condicións da covid-19 o longo do seu período de execución.

6.-FUNCIONAMENTO

O servizo será dirixido e coordinado pola monitora municipal que o concello asigne. Esta desenvolverá e dirixirá o servizo durante o tempo das actividades.

- A baixa dun/ha alumno/a no servizo deberáse comunicar no mes anterior ao que se desexa a baixa, cumprimentando a correspondente solicitude de baixa no concello.
- No caso de que o comportamento dun alumno/a afecte ao normal funcionamento da actividade procederase a avisar á familia, e de persistir, a dar de baixa ao alumno/a.
- Os rapaces/as poderán traer o desayuno da súa casa; sempre e cando se trate dun desayuno saudable.
- Para poder ser beneficiario/a do servizo, o/a neno/a non poderá faltar, sen xustificar, a mais de dez días nun trimestre. De ser así darase de baixa ao neno/a no servizo. Así mesmo, a falta de puntualidade na recollida dos participantes/as poderá suponer a perda do dereito a actividade.
- Os alumnos deberán acudir ó servizo de madrugadores respectando en todo momento os horarios de entrada solicitados á hora de formalizar a solicitude. No caso de precisar unha





Concello de Portomarín

adaptación no horario de entrada deberá de ser comunicado a monitora responsable.

- Os participantes estarán sempre acompañados do persoal cualificado que desempeñará o posto. Dado que se trata dunha actividade dedicada aos alumnos e alumnas do CEIP Virxe da Luz de Portomarín, **non se permitirá o acceso ás instalacións onde se realice o servizo**, de ningún máis que a dos alumnos e alumnas participantes, os monitores e os traballadores do centro escolar.
- O concello de Portomarín conta cun **seguro de responsabilidade civil** en caso de lesión ou accidente. O Concello proporcionará a súa aseguradora un listado de todos os/as alumnos/as participantes/as no servizo.
- O servizo é de carácter gratuito, no obstante dita condición poderá ser modificada previo aviso ás familias no caso de producirse modificacións no tipo de servizo ou ben no momento en que se establezca e se regule un precio público ou taxa pública para o mesmo.

7.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZA

Para a selección dos participantes/as ao servizo, seguirase a orde de preferencia que se indica a continuación:

- 1º. Alumnos/as para os que se solicite o inicio dende as 07:30 horas xustificadamente.
- 2º. Alumnos/as para os que se solicite o inicio con anterioridade ás 08:00 horas xustificadamente.





Concello de Portomarín

3º. Alumnos cuxos proxenitores teñan o seu centro de traballo a máis de 20 km do centro escolar.

4º. Alumnos cuxos proxenitores teñan o seu centro de traballo a máis de 10 km do centro escolar.

5º No caso de existir maior número de solicitudes que prazas dispoñibles teranse en conta os niveis de renda familiar, despois de valorar os criterios anteriormente sinalados. Para os criterios de renda establececese que a renda familiar deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces ao IPREM 2021. O cal se verá incrementado nun 15% para os supostos de familias monoparentais, familias numerosas, vítimas de violencia de xénero, persoas en situación de desemprego, familias de especial consideración ou calquera outra situación obxecto de estudo por parte dos Servizos Sociais Comunitarios.

***O cálculo da renda per cápita da unidade familiar** é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre o número de membros computables .

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para os efectos das presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:





Concello de Portomarín

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do/a menor.
 - Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
 - Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
 - A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando exista custodia compartida.
 - Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
- 6º Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida no apartado anterior.

8.- PROCEDIMIENTO-SOLICITUDES

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello. Todas as persoas solicitantes, ao momento de presentar a súa solicitude estarán aceptando as presentes bases.

As solicitudes serán cursadas polos dous proxenitores ou titores legais dos alumnos e alumnas no modelo facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I) o prazo de solicitudes será dende o día seguinte a publicación das presentes bases por un prazo de 6 días naturais.

A presentación de solicitudes e demais documentación poderá presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>





Concello de Portomarín

- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Dirección de email serviciosociais@concellodeportomarin.es indicando no asunto nome e apelidos do alumno/a e actividade que solicita.

As solicitudes deberán ir acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

- Anexo I debidamente cuberto e asinado
- Orixinais do DNI dos dous proxenitores ou titores legais; e de ser o caso do alumno/a.
- Orixinais do libro de familia.
- Orixinal tarxeta sanitaria do/a menor.

Documentación acreditativa a ter en conta para adxudicación da praza:

- Certificación de empresa onde figure o horario laboral dos proxenitores e a distancia do lugar de traballo en km para os supostos 1º,2º,3º e 4º do punto sétimo das presentes bases.
- Anexo II (declaración xurada de ingresos en relación ao IPREM) para o suposto nº 5 do punto sétimo das presentes bases. No caso de familias numerosas, monoparentais, especial consideración, vítimas de violencia de xénero ou desempregadas deberán de acreditalo a través documento oficial para ser tido en conta xunto coa solicitude. De non aportar dita documentación non se terá en conta a situación familiar para a adxudicación de prazas. Naqueles





Concello de Portomarín

supostos de estudio por parte dos Servizos Sociais Comunitarios, dito departamento requirirá a documentación necesaria.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requirida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.

9.- PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

A instrución do procedemento corresponderá á persoa habilitada ou técnica municipal pertencente ós Servizos Sociais Comunitarios Municipais.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarásese na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> as:

- Solicitudes admitidas: Alumnos/as que obteñen praza no servizo. Nesta lista indicaráse o día de comezo do servizo e o lugar e forma de acceso ás instalacións habilitadas no interior do CEIP “Virxe da Luz”.
- Solicitudes desestimadas por non acreditar o cumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso da falta dalgún dos documentos esixidos para participar na convocatoria deberá de ser presentado con anterioridade a dar comezo o servizo polos mesmos medios nos que se realizaron a solicitude; de non ser presentados entenderásese excluído/a. Prazo de 2 días naturais a partir do día seguinte a resolución provisional de admitidos e excluídos.





Concello de Portomarín

10.- MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO SERVIZO

O correcto funcionamento deste servizo estará condicionado á actual situación sanitaria, podendo sufrir modificacións, suspensión de servizos ou a total cancelación do programa segundo sexa necesario para garantir a seguridade e saúde dos alumnos e alumnas participantes, así como do resto de alumnado do centro escolar, monitores, traballadores e as súas familias.

Será motivo de suspensión ou cancelación se non se alcanza o número mínimo de dez participantes/as.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes.

Documento asinado electrónicamente á marxe do documento

O alcalde- Pablo Rivas Folgueira

